



BASES PARA A CONCESION DOS GALARDONS

“CARBALLES, BERGANTIÑAN E GALEGO”

1
O “PADROADO FOGAR DE BERGANTIÑOS” convoca a elección para a concesión dos galardóns de “*Carballés, Bergantiñán e Galego*”.

2
Poderán ser candidatos ós mentados galardóns todas aquelas persoas, asociacións, entidades con ou sen personalidade xurídica que, polo seu traballo ou actividade, a xuízo dos proponentes sexan merecedores dos galardóns.

3
Non poderá ser candidato ningunha persoa ou colectivo en virtude da súa actividade política. Tampouco poderán selo aquelas persoas ou entidades que de calquera xeito inciten, promovan ou defendan actitudes ou actividades contrarias ás liberdades ou ós dereitos fundamentais, tanto individuais como colectivos.

4
A hora de encadra-los candidatos nas categorías de “*Carballés, Bergantiñán e Galego*” seguirase o criterio de promoción e repercusión territorial, é dicir se o traballo ou actividade pola que se propón o candidato difunde, promociona, redonda en beneficio, ou repercute no Concello de Carballo, na Comarca de Bergantiños, ou en Galicia.

5
Hai un Consello Asesor dos premios que durante todo o ano está a confeccionar unha lista de candidatos, así como os méritos que concorren en cada un para ser merecedores dos galardóns de “*Carballés, Bergantiñán e Galego*”.

6
O PADROADO fará chegar por correo ás distintas asociacións e colectivos de carácter xuvenil, cultural, deportivo, social, etc. censados nos sete concellos que conforman a Comarca de Bergantiños a relación provisional de candidatos e méritos nas tres categorías elaborada polo Consello Asesor.

7
Durante o mes seguinte á recepción da relación provisional, os diferentes colectivos poderán facer chegar ó PADROADO outros candidatos que consideren oportuno e que non figuren na relación elaborada polo Consello Asesor, debendo relaciona-los méritos así como para qué galardón son propostos.

8
A relación confeccionada polo Consello Asesor xunto coas propostas dos colectivos da Comarca de Bergantiños formarán a lista de candidatos definitiva ás tres categorías de “*Carballés, Bergantiñán e Galego*”, que será remitida novamente a cada colectivo.

9
A elección de “*Carballés, Bergantiñán e Galego*”, levarase a cabo nos locais do PADROADO, sitos no Centro Social San Xoán Bautista, R/ San Xoán Bautista, s/n, de Carballo o día e hora que se comunicará con antelación ós colectivos participantes na concesión dos galardóns.

10
O proceso de elección de “*Carballés, Bergantiñán e Galego*” o día e hora sinalados levarase a cabo do seguinte xeito:

- a) Deberase votar a un candidato por cada categoría dos que figuren na lista a que se refire o punto 8.- destas bases.

b) Cada representante das entidades participantes que concorran á elección emitirá un voto por cada categoría a medio dun modelo de papeleta que se facilitará no momento da votación.

c) Sairá elixido o candidato en cada categoría que obteña a metade máis un dos votos emitidos, e que ademais obteña un quinto máis do total de votos ca o que quede en segundo lugar, sempre e cando este segundo teña acadado o porcentaxe de votos esixido para esa ronda.

d) Se na primeira votación ningún dos candidatos nalgunha das tres categorías obtívese esa maioría esixida, procederase a unha segunda votación ou ronda. Para esta segunda votación eliminaranse os candidatos que non obtivesen na primeira o 10% dos votos, e cos que resten procederase a votar do mesmo xeito. Se tampouco se acadase a maioría necesaria, procederase a realizar unha terceira ronda eliminando os candidatos que non obtivesen o 20% dos votos na anterior; a unha cuarta votación eliminando ós que non obtivesen o 30% dos votos na terceira, e así sucesivamente coa mesma progresión de porcentaxe de 10 en 10 ata que un deles acadase a maioría precisa.

e) Se tras sucesivas eliminacións de candidatos quedasen soamente dous por non ter ningún deles acadada a maioría necesaria, procederase a unha nova votación entre eses dous finalistas, e se ningún deles obtívese a maioría requerida, concederáselle o galardón compartido ós dous finalistas.

f) Se se dise o suposto de que nunha das eliminacións se repetisen os resultados da anterior, procederase a unha nova votación, e se o resultado seguise sendo o mesmo sen acadar as maiorías necesarias e sen quedar reducida a lista a dous candidatos, declararase ese galardón deserto.

g) As entidades participantes, se por calquera motivo non puidesen enviar un representante á elección, poderán delega-lo voto no representante doutra entidade que participe nas votacións. Esa delegación de voto deberá ser por escrito coa firma do Presidente e o visto bo do Secretario da entidade, debendo presentala o representante da entidade na que se delegase antes de inicia-las votacións.

h) Cada persoa que participe na elección poderá ó sumo emitir dous votos: un polo colectivo ó que represente, e outro, no seu caso por delegación de voto doutra entidade. En consecuencia cada persoa só pode representar a unha soa entidade, e ostenta-la delegación de voto dunha soa entidade.

11
A participación na elección de “*Carballés, Bergantiñán e Galego*” implica a aceptación das presentes bases.